



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

ASUNTO: Aprobación das bases e nomeamento da comisión de selección do alumnado-traballador e persoal directivo, docente e de apoio do obradoiro dual de emprego **"EMPREGABILIDADE NO ÁMBITO SOCIAL"**.

EXPEDIENTE: 2025/A003/000029

ANTECEDENTES

Orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento TR353A). (DOG Núm. 228 de 25 de novembro de 2025).

Informe emitido polo servizo de Intervención municipal para a solicitude do obradoiro dual de emprego "Empregabilidade no ámbito social", de data 12/12/2025

Decreto de data 10.12.2025 de aprobación do proxecto do obradoiro dual de emprego "Empregabilidade no ámbito social".

Resolución de Concesión de Subvención de data 17.04.2026 do Servizo de Formación e Cualificación para o Emprego do Departamento territorial da Coruña, nº de expediente TR353A-2025/000005-1

Instrucións ditadas pola Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego do día 17/04/2026

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola alcaldesa de acordo co artigo 61.1. da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 21.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases de selección do alumnado-traballador e persoal do obradoiro dual de emprego **"Empregabilidade no Ámbito Social"**. Estas bases teñen como finalidade, a determinación do sistema, procedemento e requisitos que se aplicarán no proceso de selección do persoal directivo, docente e auxiliar administrativo, ademais do alumnado traballador participante no citado proxecto, quedando da seguinte maneira:



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax:981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

**"BASES PARA A SELECCIÓN DO PERSOAL E O ALUMNADO TRABALLADOR DO OBRADOIRO
DUAL DE EMPREGO:
"EMPREGABILIDADE NO ÁMBITO SOCIAL"**

O obradoiro dual de emprego "**Empregabilidade no Ámbito Social**" é un programa mixto de emprego e formación dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas, subvencionado pola Consellería de Emprego Comercio e Emigración e promovido polo **Concello de Betanzos conveniado co Concello de Coirós**.

As especialidades a impartir son as seguintes:

- **Intervención socioeducativa con persoas con discapacidade (SSCE0111) (4 alumnos/as),**
- **Atención sociosanitaria a persoas no domicilio (SSCS0108) (6 alumnos/as),**
- **Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSCS0208) (10 alumnos/as).**

A distribución por concellos é a seguinte:

Concello de Betanzos: 16 alumnos/as Concello de Coirós: 4 alumnos/as

*No caso de que nalgún dos concellos non se chegue ao mínimo de alumnos/as seleccionados/as, poderase contratar a candidados/as de calquera dos outros concellos que participan no proxecto.

As actuacións a realizar son as seguintes:

- 1.- "SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF)"**
- 2.- "RESIDENCIA GARCIA IRMÁNS (BETANZOS)"**
- 3.- "CENTRO FUNDACIÓN HOSPITALARIAS- Centro Pai Menni"**
- 4.- "ASPACE"**
- 5.- "ASPRONAGA"**

O obradoiro terá unha duración de 9 **meses** e formará a **20 alumnos/as traballadores/as**.

O alumnado traballador será contratado baixo a modalidade de contrato de formación en alternancia de acordo co previsto no artigo 11.2 e na disposición adicional segunda do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, modificado polo Real decreto lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo. O alumnado traballador percibirá as retribucións que lle correspondan de conformidade co previsto na normativa vixente.



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax:981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

Contratarase ao seguinte persoal para o obradoiro de emprego:

- **1 DIRECTOR/A a xornada completa.**
- **1 MESTRE DE ESPECIALIDADE rama social nos certificados SSCS0108 e SSCS0208 e apoio ó certificado SSCE0111. (xornada completa)**
- **1 MESTRE DE ESPECIALIDADE rama social no SSCE0111 e apoio ós certificados SSCS0108 e SSCS0208. (xornada completa)**
- **1 MESTRE DE ESPECIALIDADE rama sanitaria nos certificados SSCS0108 e SSCS0208. (xornada parcial 70%)**
- **1 MESTRE/A DE FORMACIÓN COMPLEMENTARIA, TITOR/A e apoio nos certificados na rama social (xornada parcial 80%)**
- **1 AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A, (xornada completa)**

SISTEMA DE SELECCIÓN

A vista da normativa exposta propónse un sistema de selección que se fundamenta nos seguintes procedementos:

Normas xerais:

O procedemento para selección e contratación do persoal directivo, docente e de apoio rexeráse polos criterios e procedementos establecidos no artigo 34.2 do Real decreto 818/2021 os cales se integran no artigo 11 da Orde do DOG do 25 de novembro de 2025 polo que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e nas instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo docente e de apoio ditadas pola Dirección Xeral de Formación e Cualificación do día 17 de abril de 2026.

Nos criterios de selección de todo o persoal procurarase a maior adaptación das persoas que se van a seleccionar as especialidades e ás particulares circunstancias de dificultade destas.

COMISIÓN DE SELECCIÓN

A comisión de selección estará formado por tres persoas nomeadas pola entidade promotora. A presidencia da comisión de selección recaerá nunha das persoas nomeadas.

As decisións da comisión de selección tomaranse por unanimidade ou pola maioría simple dos membros presentes.

Este proxecto terá como data límite prevista para o seu inicio o 01.06.2026, segundo se establece na ORDE do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento TR353A). (DOG Núm.228 do 25.11.2025).



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax:981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

PROCEDIMENTO SELECCIÓN ALUMNADO-TRABALLADOR

Sistema de selección: Oferta tipo B (Aplicación SICAS)

Localidade: Ámbito dos Concellos de Betanzos, e Coirós. No caso de non atoparse candidatos/as suficientes, a sondaxe ampliaríase ao resto dos concellos da comarca e limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.

Idade: 18 ou máis anos.

Situación laboral: Persoas desempregadas, entendéndose nesta situación persoas demandantes de emprego rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego, sempre que poidan subscribir un contrato de formación en alternancia, co obxecto de estar vinculada mediante un contrato de tales características ao obradoiro dual de emprego, durante toda a duración da etapa de formación en alternancia.

Criterios preferentes de selección: A comisión de selección deberá aplicar os criterios preferentes de selección que figuran no artigo 10 da *ORDE do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2026*, as instrucións en relación co procedemento de selección do alumno traballador ditadas pola Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego de 17 de abril de 2026. Procurarase a maior adaptación das persoas que se van seleccionar ás especialidades e ás particulares circunstancias de dificultade destas segundo baremo que se xunta.

As persoas candidatas deberán, cando a formación a impartir no proxecto vaia dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2 ou 3, cumprir cos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan ditos certificados (art. 10.4. d).

A documentación xustificativa para a baremación, segundo Anexo I destas bases, deberá presentarse preferiblemente por vía electrónica a través da sede electrónica municipal (<https://sede.betanzos.gal/opencms/gl/procedimientosytramites/tramites/SolicitudGeneral>). Tamén se poderá presentar de forma presencial (con cita previa) no Rexistro Xeral do Concello ou en calquera dos lugares establecidos pola normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Serán excluídos do proceso selectivo as persoas candidatas que tiveran participado noutro obradoiro de emprego no que se impartise o mesmo certificado de profesionalidade con independencia de que o rematase con resultado de superado ou non, excepto que o certificado que curse sexa de nivel superior. Tamén serán excluídos os que xa estean en posesión do certificado de profesionalidade obtido por calquera outra vía.

En ningún caso, poderán participar neste obradoiros duais de emprego persoas que xa tiveran participado en tres obradoiros con anterioridade a esta convocatoria.

Tamén serán excluídos do proceso aqueles candidatos que incorran en calquera tipo de falsidade documental.



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax:981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

Terán preferencia as persoas que solicitaran este servizo a través da súa demanda de emprego, e dentro destas as que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral con anterioridade a resolución da convocatoria, sempre que se encontren dentro dalgunha das especialidades que se van a impartir no obradoiro de emprego.

Terán prioridade as persoas candidatas que non participasen nun obradoiro/programa de emprego nas cinco convocatorias inmediatamente anteriores.

O número máximo de candidatos/as a preseleccionar será determinado pola comisión de selección, e o mínimo será, se é posible, de **100 (5 por praza)**. A sondaxe realizarase entre as persoas demandantes con algunha das claves seguintes: **320, 330, 340, 370 ou 699** a partir dos 18 anos.

Unha vez ditada a resolución de concesión de subvención para o obradoiro de emprego, a entidade promotora tramitará a correspondente oferta na **oficina de emprego de Betanzos**, para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas pola Comisión de selección.

A selección definitiva dos/as 20 alumnos/as e a súa distribución por especialidades, de ser o caso, será efectuada pola comisión de selección, que aplicará o baremo establecido no anexo I, por medio do que serán avaliados as circunstancias persoais e profesionais dos candidatos remitidos pola oficina de emprego e unha entrevista persoal co obxectivo de avaliar o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación as singularidades do proxecto formativo.

A comisión de selección poderá optar por substituír a entrevista persoal por un procedemento de selección consistente nunha reunión na que serán citados todas as persoas candidatas preseleccionadas, para seren sometidas a un cuestionario previamente aprobado pola comisión de selección.

No caso de igualdade na puntuación o criterio de desempate será o maior período de inscrición como demandante de emprego.

A comisión de selección redactará as correspondentes actas e as remitirá á xefatura territorial mediante o aplicativo FORMAN, acompañada da relación do alumnado admitido e excluído indicando, neste último caso, a causa da súa exclusión.



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax:981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

PROCEDIMENTO SELECCIÓN PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E ADMINISTRATIVO DE APOIO

Unha vez ditada a resolución de concesión de subvención para o obradoiro dual de emprego "Empregabilidade no ámbito social", terá lugar a selección do persoal directivo, docente e de administrativo. Realizarase conforme o establecido na ORDE da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento TR353A). (DOG Núm. 228 de 25 de novembro de 2025) e o procedemento específico regulado nas Instrucións da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego do 17.04.2026 en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio e administrativo así como do alumnado-traballador obradoiros duais de emprego e dos programas de formación-emplego talento mozo. Convocatoria 2026-27.

O procedemento de selección do persoal deste programa de emprego realizarase a través de convocatoria pública, que é o sistema polo que opta a entidade promotora para a admisión de persoas candidatas para as diferentes prazas en aplicación do artigo 11 da ORDE da convocatoria e o establecido no apartado 8 das Instrucións da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego de data 17.04.2026. A convocatoria farase pública mediante a exposición nos taboleiros de anuncios das oficinas de emprego correspondentes, así como nos taboleiros de anuncios e da sede electrónica do concello promotor.

As solicitudes para participar no proceso selectivo deberán presentarse, preferiblemente por vía electrónica A través da sede electrónica municipal

(<https://sede.betanzos.gal/opencms/gll/procedimientosytramites/tramites/SolicitudGeneral>) a documentación xustificativa do currículo, acreditativa dos seus méritos. Tamén se poderán presentar as solicitudes de forma presencial (con cita previa) no Rexistro Xeral do Concello ou en calquera dos lugares establecidos pola normativa reguladora do procedemento administrativo común:

As persoas que desexen participar nesta convocatoria deberán presentar instancia dirixida a alcaldesa.

O prazo de presentación será de **2 días hábiles** contados a partir do seguinte ao da publicación destas bases na Sede Electrónica do Concello de Betanzos, acompañada do DNI ou NIE. Así mesmo, achegaranse a documentación acreditativa dos requisitos mínimos necesarios para a admisión, segundo o previsto para cada unha das prazas no apartado correspondente destas bases. Tamén se achegará a documentación acreditativa dos méritos alegados na instancia para a súa valoración:

- A titulación académica, que se xustificará co correspondente título académico oficial.
- Os cursos realizados, que se xustificarán cos correspondentes certificados ou diplomas
- A experiencia profesional, que computará en proporción da xornada realizada e deberá xustificarse:
 - Traballo por conta allea: contratos de traballo ou certificados de empresa e vida laboral expedida pola Seguridade Social sempre que poida acreditarse a categoría profesional desempeñada.
 - Traballadores autónomos: alta e baixa no imposto de actividades económicas xunto co último recibo ou documento que lle exima da devandita obriga.
 - Traballo no estranxeiro: certificación oficial na que conste a ocupación desempeñada e os períodos traballados.



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax:981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

As persoas candidatas que non acrediten axeitadamente os requisitos de titulación e/ou experiencia profesional, quedarán excluídas do proceso selectivo, polo que non terá lugar a entrevista e o seu currículo non será obxecto de baremación.

Os requisitos esixidos para participar no proceso selectivo non serán obxecto de baremación. Os méritos baremables deben estar en todo caso relacionados coas funcións a desenvolver.

A comisión de selección admitirá a todas aquelas persoas candidatas que presenten os requisitos mínimos e en calquera momento, antes de realizar a entrevista, poderá habilitar un período para a emenda se o considera oportuno. A comisión seleccionadora publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Betanzos a relación de persoas candidatas admitidas e excluídas.

Do mesmo xeito que o indicado no parágrafo anterior publicarase a relación definitiva de persoas candidatas admitidas e excluídas e anunciará o lugar, día e hora no que terá lugar as entrevistas que deberán realizar todas as persoas aspirantes admitidas. Se por algún motivo, algunha das persoas candidatas propostas non cumpre cos requisitos mínimos esixibles para poder optar a participar no programa de emprego, así se fará constar pola entidade promotora.

O proceso de selección constará de dúas fases: unha entrevista persoal e a continuación a baremación de méritos aportados polas persoas candidatas. A puntuación da entrevista será, como máximo, do 35% da puntuación total do proceso selectivo.

A comisión de selección redactará as correspondentes actas e as remitirá á xefatura territorial mediante o aplicativo FORMAN, acompañada da relación do alumnado admitido e excluído indicando, neste último caso, a causa da súa exclusión.

No caso de igualdade na puntuación o criterio de desempate axustarase aos criterios seguintes:

- maior tempo acreditado de inscrición como demandante de emprego
- A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizados
- A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional
- A puntuación obtida no apartado de experiencia docente, se fose o caso
- A puntuación correspondente ás titulacións complementarias
- A puntuación do apartado de coñecemento idioma galego
- A puntuación obtida no apartado de cursos realizados

PUBLICACIÓNS E/OU NOTIFICACIÓNS

A comisión de selección acordará a publicación das bases asinadas e dos resultados no taboleiro de anuncios das oficinas de emprego de Betanzos e das oficinas que comprenden o ámbito territorial dos respectivos concellos, así como na páxina web da entidade promotora e tamén a publicación ou notificación, no seu caso, dos demais actos de trámite que poidan afectar aos intereses das persoas candidatas de acordo sempre co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax:981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA DIRECTOR/A

FUNCIÓNS:

A persoa candidata seleccionada encargárase da coordinación xeral do obradoiro de emprego, e dos medios humanos e materiais, sendo a persoa responsable das relacións co exterior: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, entidade promotora e empresariado. Levará a cabo a xestión e a supervisión económica do proxecto, así como das actuacións e servizos que se desenvolvan no mesmo.

Así mesmo coordinará e supervisará os aspectos técnicos e formativos do proxecto e do traballo administrativo, e responsabilizarase de que se imparta a formación en prevención de riscos laborais.

En xeral estará encargado do bo funcionamento do obradoiro, concretamente:

- Elaborar, xunto co equipo docente, a proposta do plan de actuacións
- Presentar ante a Xefatura Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e ante os Concellos de Betanzos e Coirós as memorias periódicas e finais, os datos da xestión orzamentaria da execución das obras, e a preparación da información e documentación necesaria para a compra ou alugueiro de material ou maquinaria.
- Coordinar a programación didáctica, de conformidade co plan formativo do proxecto e o certificado de profesionalidade.
- Supervisar a formación do alumnado-traballador/a e a labor educativa do persoal docente.
- Colaborar e coordinar co mestre de xestión empresarial nos módulos de orientación laboral, formación profesional, formación empresarial e asesoramento para facilitar a inserción laboral do alumnado durante e unha vez rematado o proxecto.
- Colaborar nos módulos transversais de Sensibilización en Igualdade de Xénero e Sensibilización ambiental Controlar o cumprimento das obrigas de todo o persoal do obradoiro, asistencias, puntualidade, comportamento no posto de traballo; todo en consonancia co regulamento de dereitos e deberes do alumnado.
- Propoñer, organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo do alumnado-traballador/a.
- Velar polo cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo, encargando ao resto do persoal docente e de apoio o control directo do cumprimento de tales normas.

Será contratado/a a tempo completo.

REQUISITOS MÍNIMOS:

Diplomatura /licenciatura/grao na rama social

Experiencia profesional: 24 meses como director/a en obradoiros duais de emprego, obradoiros de garantía xuvenil ou programas de emprego subvencionados pola consellería competente en materia de emprego da Xunta de Galicia.

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax:981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

Titulación académica:

- Doutoramento: 1,5
- Licenciatura ou grao: 1,50
- Diplomatura: 1
- Máster: 1 (+ 500H) e 0,50 (ata 500H)
- Postgrao: 0,50 (+ 300H) e 0,25 (ata 300H)
- Título Técnico Superior: 0,50
- Título Técnico Medio: 0, 30

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 2 puntos.

A titulación mínima esixida para o acceso ao proceso unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliadas teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación para o emprego: 0,25 puntos por cada 3 meses traballados ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación para o emprego: 0,25 puntos por cada 3 meses traballados ata un máximo de 4 puntos.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 9 puntos.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 49 horas: 0,10
- Cursos de 50 a 99 horas: 0,20
- Cursos de 100 ou máis horas: 0,30
- Cursos de 300 ou máis horas: 0,50

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 2 puntos.



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax:981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,25
- Celga 4 ou equivalente: 0,50
- Celga 5: 1 punto
- Curso medio linguaxe administrativa: 0,75
- Curso superior linguaxe administrativa: 1

A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado é de 1 punto.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

Puntuación desemprego:

Computarase o período de inscrición como demandante de emprego, en situación efectiva de desemprego, nos últimos dous anos: 0,25 puntos por cada 3 meses

A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado é de 1 punto.

Completar na súa totalidade contratos anteriores en obradoiros de emprego

Completar na súa totalidade os seus contratos en obradoiros de emprego nos últimos 5 anos: 1 punto.

A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado é de 1 punto.

Entrevista:

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria.

A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado é de 7 puntos. Puntuación final:

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo currículo persoal e a entrevista. No caso igualdade na puntuación o criterio de desempate será o establecido nestas bases xerais.

BAREMO PARA A SELECCIÓN DOS DOCENTES DE ESPECIALIDADE

FUNCIÓNS:

As persoas candidatas seleccionadas encargaranse de impartir a educación correspondente aos seus oficios e de actuar como mestres das súas especialidades nas obras ou actuacións que se leven a cabo como práctica profesional dos/as alumnos/as traballadores/as. Ademais terán as seguintes funcións:

- Elaborar, xunto co/a director/a, a programación didáctica das respectivas áreas ou módulos



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

formativos do certificado de profesionalidade.

- Desenvolver, cumprir e impartir do programa formativo na aula e nas obras a executar, incluíndo a preparación previa dos contidos teórico-prácticos a impartir e a realización das actividades relacionadas con estes contidos.
- Responsabilizaranse da aprendizaxe do alumnado-traballador/a, de todas as normas en xeral, do regulamento de réxime interno e das normas de seguridade e saúde en particular.
- Controlarán a asistencia, puntualidade, actitude e rendemento do alumnado-traballador/a, notificando á dirección do obradoiro das incidencias que se produzan.
- Responsabilizaráanse do mantemento, conservación e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
- Cursarán á dirección do obradoiro as solicitudes de compra de materiais, ferramentas e maquinaria necesarios para o normal desenvolvemento da súa actividade.
- Contribuirán á orientación profesional e laboral do alumnado traballador/a.

Serán contratados/as:

- **1 MESTRE DE ESPECIALIDADE** rama social nos certificados SSCS0108 e SSCS0208 e apoio ó certificado SSCE0111. (xornada completa)

REQUISITOS MÍNIMOS:

Diplomatura/licenciatura/grao na rama social.

Os candidatos e as candidatas a docentes, para seren validados, deben cumprir o disposto no artigo 168 do Real decreto 659/2023, tanto se a súa proposta procede dun proceso de selección como se se trata da continuidade de persoal contratado anteriormente. Este cumprimento implica que os docentes deben reunir UN dos seguintes requisitos:

- Estar en posesión de título de grado universitario, licenciado ou licenciada, Enxeñeiro ou Enxeñeira e Arquitecto ou Arquitecta, ou titulación equivalente ou, no seu caso, a titulación de Formación Profesional que, a efectos de docencia, se determine, de acordo coa normativa que regule cada certificado profesional. En todo caso, esixirase que as titulacións citadas incorporen nos seus plans de estudo contidos vinculados cos resultados de aprendizaxe da formación a impartir. Ademais, deben dispoñer do Certificado Profesional de habilitación para a docencia, salvo que se acollan a algunha das excepcións dispostas no artigo 168.5 do citado Real decreto.
- Pertencer ás especialidades docentes habilitadas para impartir formación profesional no sistema educativo.
- Ter experiencia profesional de, ao menos, catro anos axustada aos estándares de competencia ou elementos de competencia asociados aos módulos profesionais ou bloques formativos a impartir e dispoñer do Certificado Profesional de habilitación para a docencia, salvo que se acollan a algunha das excepcións dispostas no artigo 168.5 do citado Real decreto.

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:

Titulación académica:

- Doutoramento: 1,5



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

- Licenciatura ou grao: 1,50
- Diplomatura: 1
- Máster: 1 (+ 500H) e 0,50 (ata 500H)
- Postgrao: 0,50 (+ 300H) e 0,25 (ata 300H)
- Título Técnico Superior: 0,50
- Título Técnico Medio: 0,30

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 2 puntos.

A titulación mínima esixida para o acceso ao proceso unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliadas teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación para o emprego: 0,25 puntos por cada 3 meses traballados ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación para o emprego: 0,25 puntos por cada 3 meses traballados ata un máximo de 3 puntos.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 8 puntos.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 49 horas: 0,10
- Cursos de 50 a 99 horas: 0,20
- Cursos de 100 ou máis horas: 0,30
- Cursos de 300 ou máis horas: 0,50

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 2 puntos.

Cursos de formación:



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax:981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

- Curso de "**Especialización docente**" (100 horas): 0,50
- Curso de "**Metodoloxía didáctica**" (150 horas): 0,75
- Curso de "**Formador de formadores**" (400 horas): 1
- **Certificado Profesional de habilitación para a docencia en graos A, B e C do Sistema de Formación Profesional ou equivalente** :1 punto
- **Máster secundaria ou CAP**: 1

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 1 punto.

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,25
- Celga 4 ou equivalente: 0,50
- Celga 5: 1 punto
- Curso medio linguaxe administrativa: 0,75
- Curso superior linguaxe administrativa: 1

A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado é de 1 punto.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

Completar na súa totalidade contratos anteriores en obradoiros de emprego

Completar na súa totalidade os seus contratos en obradoiros de emprego nos últimos 5 anos: 1 punto.

A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado é de 1 punto.

